

PROCEDIMIENTO DE RECOÑECIMIENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES NOS GRAOS DA UDC

(Acordo do Consello de Goberno do 13 de novembro de 2008)

O Real Decreto 1393/2007, no seu artigo 12.8, establece que “De acordo con artigo 46.2.i.) da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro de Universidades, os estudantes poderán obter recoñecemento académico en créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación até un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursado”.

Para estes efectos procede establecer aquelas competencias que pode adquirir o alumnado, pola súa participación en actividades universitarias, que son susceptibles de recoñecemento pola UDC conforme aos seguintes criterios e procedemento:

Artigo 1 Competencias universitarias

Se recoñecerán para as titulacións de Grao as competencias adquiridas polo alumnado pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación até un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursado.

Os créditos que se recoñecerán, consonte as actividades desenvolvidas polo alumno para o curso académico 2009-2010, figuran no Anexo I. Este Anexo poderá ser suxeto a modificación mediante Resolución Reitoral.

Para o recoñecemento ser efectivo, o alumno deberá acreditar cada curso académico a súa participación nun dos programas de formación fixado.

Soamente se recoñecerán actividades desenvolvidas durante o tempo en que o solicitante estea matriculado na UDC.

Artigo 2. Competencias nucleares da UDC

De conformidade co “Proceso de elaboración das Guías docentes de centro, da titulación e da materia na construción do EEES na UDC”, aprobado no Consello de Goberno, na sesión do 28/6/2007, o modelo para a elaboración do perfil académico profesional contempla, entre outras, as competencias nucleares, definidas pola Universidade da Coruña como esenciais e comúns a todas as titulacións coa pretensión de poder ser adquiridas por todos os titulados.

Os créditos que se recoñecerán, consonte as actividades desenvolvidas polo alumno para o curso académico 2009-2010, figuran no Anexo II. Este Anexo poderá ser suxeto a modificación mediante Resolución Reitoral.

Para o recoñecemento ser efectivo, o alumno deberá acreditar cada curso académico a súa participación nun dos programas de formación fixado.

Soamente se recoñecerán actividades desenvolvidas durante o tempo en que o solicitante estea matriculado na UDC.

Sen prexuízo de realizar as actividades formativas planificadas nos distintos planos de estudo, a adquisición destas competencias poderá se realizar mediante accións formativas específicas como as que se desenvolven dende distintos servizos da Universidade da Coruña.

Artigo 3. Procedemento de recoñecemento académico de créditos

O procedemento de recoñecemento de créditos terá as seguintes fases de tramitación:

a) Solicitude por parte do interesado da acreditación, perante os órganos correspondentes recollidos nos Anexos I e II, de ter realizadas as actividades para as que solicita recoñecemento académico en créditos. Na solicitude deberá indicar a titulación e o centro ao que pertence.

b) Expedición da acreditación polo órgano responsable, mediante unha certificación que será entregada ao alumno.

c) Solicitude de recoñecemento de créditos académicos formulada polo alumno ante o Decano/Director do centro no que estea a cursar os seus estudos, acompañada da certificación mencionada no apartado anterior e formalización do pagamento por parte do alumno dos prezos que correspondan, se é o caso, por este concepto.

d) Recoñecemento académico en créditos no expediente do alumno, efectuada pola Administración do centro correspondente.

Disposición Final : Facúltase ao /a Vicerreitor/a con competencias en Organización Académica e Titulacións para elaborar as normas complementarias que desenvolvan o presente acordo.

ANEXO I

RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS AO ABEIRO DO ARTIGO 12.8 DO REAL DECRETO 1393/2007, DO 29 DE OUTUBRO POLAS SEGUINTE ACTIVIDADES:

1. REPRESENTACIÓN DOS ESTUDANTES NOS ÓRGANOS DE GOBERNO E DE REPRESENTACIÓN DA UNIVERSIDADE

1.1.- A representación dos estudantes poderá dar lugar ao recoñecemento de créditos sempre que se realice efectivamente como:

- Representante dos estudantes no Claustro/ Consello de Goberno/ Consello Social.
- Representante dos estudantes en Consellos de Departamentos/Xuntas de Centros /Consellos de Institutos Universitarios.

1.2.- Recoñeceranse 1,5 créditos por curso académico.

1.3.- Para estes efectos os estudantes interesados solicitarán a acreditación correspondente perante a Secretaría Xeral indicando as datas de inicio e remate da súa participación. O Secretario Xeral da UDC ou, no seu caso o secretario do órgano que corresponda, acreditará mediante unha certificación a realización efectiva da representación.

2. ACTIVIDADES DEPORTIVAS

O estudiantado da UDC poderá obter recoñecemento de créditos a través das seguintes actividades deportivas:

- 2.1.- Formación nas Escolas deportivas da UDC: 1 crédito por curso.
- 2.2.- Asistencia a cursos de formación deportiva: 1 crédito cada 30 horas.
- 2.3.- Participación en competicións deportivas:
 - Ligas universitarias: de 10 ou máis equipos, 1,5 créditos aos tres primeiros clasificados; de menos de 10, só ao campión da liga.
- 2.4 Equipos federados: 1,5 créditos por curso.
- 2.5 Campionatos universitarios e federados: Galegos:1,5 créditos, de España: 2 créditos; Selección 3 créditos , Xogos Olímpicos, Universiada, Campionatos de Europa e do Mundo: 6 créditos.
- 2.6 Torneos universitarios: 1,5 créditos por curso académico no Galaico Duriense e 1 crédito nos torneos internos individuais.
- 2.7 Deportistas de alto nivel: 2,5 créditos por representaren a Universidade da Coruña na fase final de campionatos de España.

3. ACTIVIDADES CULTURAS

Aos estudantes da UDC poderánselles recoñecer créditos pola súa participación nos programas que se detallan a continuación:

- 3.1 Actor ou actriz na obra dramática producida pola Aula de teatro e danza da UDC: 2 créditos por curso académico.
- 3.2 Participación como bailarín ou bailarina na produción de danza anual da Aula de teatro e danza da UDC: 2 créditos por curso académico.
- 3.3 Integración no elenco do Coro universitario ou da Orquestra da UDC: 2 créditos por curso académico.

- 3.4 Participación en obradoiros, cursos de teatro, danza, cinema e equivalentes: 1 crédito cada 30 horas.
- 3.5 Participación en cursos de verán oficiais da UDC: 1 crédito por cada curso ou, no caso de obradoiros, cando estes sexan de 20 ou máis horas lectivas.

4. ACTIVIDADES DE VOLUNTARIADO E DE COOPERACIÓN

O estudiantado da UDC poderá obter recoñecemento de 1 crédito por cada 30 horas de dedicación, ata un máximo de 3 créditos por curso académico, nas seguintes actividades de voluntariado e de cooperación:

- 4.1 Colaboración nalgún proxecto de formación de carácter interno, organizado pola UDC e destinado a favorecer a solidariedade e a cooperación.
- 4.2 Participación en proxectos de formación de carácter social e cooperación ao desenvolvemento coordinados pola Oficina de Cooperación e Voluntariado.
- 4.3 Participación nalgún proxecto de formación organizado por entidades de iniciativa social coas que a UDC asinara convenio de colaboración .

5. RÉXIME E NORMAS DE CONCESIÓN DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES DEPORTIVAS, CULTURAIS OU DE COOPERACIÓN E VOLUNTARIADO

Para os cursos e escolas, será condición a asistencia, cando menos, ao 85% das clases programadas. Para os efectos de imputación de créditos, estes non poderán solicitarse por participar en máis de dúas escolas ou cursos por estudante e por ano académico ou, no caso das ligas deportivas, en máis de dúas ligas por estudante e por ano académico.

O recoñecemento dos créditos farase perante a Vicerreitoría de Cultura e Comunicación, con indicación da actividade e do periodo. Acreditada a participación efectiva, procederase a expedición da certificación correspondente asinada polo vicerreitor/a.

Non se recoñecerán créditos por unha destas actividades formativas a aqueles alumnos que na titulación de grao que estean a cursar teñan algunha materia, obrigatoria ou optativa, con contidos coincidentes parcial ou totalmente coa actividade correspondente.

ANEXO II
RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES FORMATIVAS
RELACIONADAS COAS COMPETENCIAS NUCLEARES DA UDC

1. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE LINGÜÍSTICA. CURSOS REGULARES DO CENTRO DE LINGUAS (CL)

Os estudantes que realicen cursos regulares no Centro de Linguas da UDC poderán obter recoñecemento de créditos por actividades de aprendizaxe lingüística dacordo cos seguintes criterios e procedementos:

- 1.1 Polos cursos regulares de 30 horas do CL recoñeceranse 1,5 créditos.
- 1.2 Nos cursos regulares de correspondente lingua cursada no bacharelato recoñeceranse créditos por cursos a partir do nivel B1 ou superior.
- 1.3 Os estudantes de calquera titulación de grao que teña un idioma como materia obrigatoria no seu plano de estudos só poderá obter recoñecemento de créditos por cursos do nivel B2 ou superior.
- 1.4 Os estudantes de calquera titulación de grao que teña un idioma como materia optativa, só poderá obter recoñecemento de créditos por cursos do nivel B1 ou superior.
- 1.5 Os estudantes dos graos de estudos lingüísticos e literarios non poderán ter recoñecemento de créditos por cursos daquela lingua que constituía a súa especialidade.
- 1.6 Para poder obter o recoñecemento de créditos será necesaria unha asistencia mínima ás clases do 85%, e ademáis ter superadas as probas correspondentes.
- 1.7 Non se recoñecerán créditos polos cursos de conversa, así como para aqueles cursos que non conleven un progreso constatable mediante a superación das probas pertinentes.
- 1.8 No caso de levaren máis de catro cursos, os créditos correspondentes cursados a maiores figurarán no Suplemento Europeo ao Título.

Os estudantes interesados solicitarán a acreditación correspondente perante a Vicerreitoría de Estudantes e Relacións Internacionais indicando a actividade e o período de participación. A Vicerreitora acreditará mediante unha certificación a realización efectiva da actividade.

2. CURSOS DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SNL)

O alumnado que procede de fóra da Comunidade Autónoma de Galicia e que non acceda á Universidade da Coruña dende os centros de bacharelato desta Comunidade, así como aqueles alumnos que non cursaron lingua galega no bacharelato poderán obter un recoñecemento de 3 créditos por cursar e superar o curso de iniciación para non-galegofalantes organizado polo Servizo de Normalización Lingüística.

Para estes efectos os estudantes interesados solicitarán a acreditación perante a Secretaría Xeral indicando a actividade e o período de participación. O Secretario Xeral acreditará mediante unha certificación a realización da actividade.

3. RECOÑECEMENTO DE CRÉDITOS POR ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN (TICS) E PROGRAMAS FORMATIVOS DA AULA DE INFORMÁTICA (AFI)

Os estudantes que realicen programas formativos relacionados co coñecemento das ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións na Aula de Formación Informática (AFI) da UDC obterán o correspondente recoñecemento dacordo cos seguintes criterios e procedemento:

Recoñecerase un 1 crédito por cada 20 horas de formación.

Para obter o recoñecemento, será condición a asistencia, cando menos, ao 85% das clases programadas e, de ser o caso, ter aprobadas as probas correspondentes.

O estudiantado da UDC poderá obter, por estas actividades ata un máximo de 3 créditos por curso académico

Non se recoñecerán créditos por unha destas actividades formativas a aqueles alumnos que na titulación de grao que estean a cursar teñan algunha materia, obrigatoria ou optativa, con contidos coincidentes parcial ou totalmente coa actividade correspondente.

Os estudantes interesados solicitarán o recoñecemento perante a Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías indicando a actividade e o período de participación. A Vicerrectora acreditará mediante unha certificación a realización efectiva da actividade.